

TEMA 3: A REVOLUCIÓN AGRARIA E O PROCESO DE INDUSTRIALIZACIÓN

3.1 A revolución agraria.

Desde mediados do século XVIII e ó longo do XIX, en certas rexións europeas comezaron a sentirse na agricultura catro grades cambios:

1. A introdución no mundo rural do concepto de propiedade liberal.
2. A modernización das técnicas agrarias e a ampliación de terras cultivadas.
3. A integración dos produtos agrícolas no mercado nacional e internacional.
4. A conexión da agricultura coa industria.

3.1.1 A liberalización do uso da terra.

Neste fenómeno resultaron clave a influencia da Revolución burguesa inglesa do século XVII, a independencia dos EEUU e as revolucións liberais no continente europeo a fins do XVIII e a 1ª metade do XIX, pois estenderon o concepto de propiedade individual, libre e absoluta. O fenómeno de liberalización foi distinto segundo os casos:

- **En Gran Bretaña**, os burgueses e os nobres presionaron ó Parlamento para que elaborase leis que obrigasen a legalizar e cercar as parcelas (as ***enclosure act*** ou leis de cerramento). Estas leis de cerramento provocaron efectos moi relevantes na economía británica posto que:
 - Provocaron a reconversión dos campos abertos e as terras en man común en parcelas valadas de propiedade privada, o que permitiu ós propietarios de terras introducir novas técnicas e sistemas de cultivo e obrigou a estabular o gando.
 - Derivan na desaparición de grande parte dos pequenos campesiños, pois estes non poden facer fronte os gastos de legalizar e cercar as súas terras e vense na obriga de vendelas e pasar a converterse en xornaleiros ou emigrar como proletarios ás urbes.
 - Incrementan as propiedades medias e o poder dos burgueses e nobres terratenentes, que aproveitan a grande demanda de produtos agrícolas, consecuencia do forte crecemento demográfico, para investir nas súas terras e lograr incrementar a produtividade, o que lles permitirá acumular grandes capitais vendendo excedentes agrícolas, que acabarán por investir nas actividades comerciais e nas novas actividades industriais.
- **En Francia**, os gobernantes que chegan ó poder coa Revolución Liberal de 1789 poñen especial interese en acabar co concepto de propiedade feudal e lograr apoios dos campesiños para a causa revolucionaria, polo facilitan a compra de terras, desamortizadas ó clero e embargadas ós nobres contrarrevolucionarios exiliados, polos campesiños pequenos e medianos propietarios.

3.1.2 A modernización técnica e o aumento da superficie cultivada.

Ambos fenómenos, innovación técnica e incremento de terras fértiles, foron a causa do espectacular incremento da produtividade agrícola e logran provocar un aumento da produción global en Gran Bretaña, Francia, Bélxica, Holanda, Prusia e os EEUU.

- En canto ás innovacións técnicas, as máis importantes que se introduciron na agricultura foron:
 - A **supresión do tradicional sistema de rotación de cultivos e do barbeito polo sistema Norfolk**, que propoñía rotar os cereais con plantas forraxeiras e legumes (con este sistema non se precisaba deixar descansar a terra, posto que as plantas forraxeiras ademais de permitir alimentar o gando estabulado fixaban o nitróxeno á terra).
 - A **mellora das ferramentas agrarias**, entre as destacables están a substitución da aixada polo arado (que sofre sucesivas melloras derivadas dos cambios na súa forma e da incorporación do ferro estimuladas pola sementeira en fileiras), da fouce pola gadaña, de sementar a man a empregar a sementadora.
 - Os **cambios nas formas de tracción**, posto que pasouse de empregar a forza humana para arrastrar, a empregar de forma intensiva os animais de tiro, sobre todo o cabalo (posible pola auxa da gandería, o uso da ferradura), para finalmente introducir a maquinización
 - A **selección de sementes e crías de animais**, buscando escoller aquelas que mellor se adaptaban ós distintos tipos de clima, solos e sobre todo á demanda do mercado. Esta selección foi definitiva no auxa da gandería, posto que permitiu incrementar o rendemento específico dos animais (carne, leite,).
 - O **uso de fertilizantes**, inicialmente o abonado con esterco (posibilita mellorar a produtividade desde a estabulación), e a finais do XIX a introdución dos fosfatos minerais, o guano (de Perú) e os nitratos sódicos (de Chile) e a comezos do XX a aparición dos fertilizantes químicos como as potasa e os superfosfatos.
- No referente a ampliación da superficie cultivada, neste período acelérase o proceso de roturación recorrendo a:
 - En Europa (modelo intensivo), facer recheos de marismas, desecar zonas pantanosas e drenar zonas húmidas, destacando os logros en Holanda (pólders), norte de Escandinavia, Hungría e Prusia.
 - En América e Oceanía (modelo extensivo), poñer en cultivo terras virxes, como foi o caso de Canadá, EEUU, Brasil, Uruguai, Arxentina ou Australia nos que se implantou unha agricultura e gandería extensiva, especializada e pronto mecanizada.

3.1.3 A integración dos produtos agrícolas no mercado.

Ó longo da segunda metade do XVIII e durante o século XIX ten lugar o **tránsito dun modelo agrícola tradicional de subsistencia** (do que os seus escasos excedentes absorbían o mercado rexional) **a un modelo agrícola moderno de base especulativa ou capitalista** (que procura excedentes para o mercado nacional e internacional).

3.1.4 A conexión da agricultura coa industria.

As transformacións na agricultura foron básicas para que fose posible a industrialización, posto que era imprescindible que os agricultores e gandeiros lograran un excedente de poboación para outras actividades; abasteceran de alimentos e materias primas á poboación do sector secundario e terciario; demandasen útiles e ferramentas da industria; fomentaran o comercio e o uso dos transportes e investiran as ganancias ou capital acumulado nas actividades comerciais e industriais.

O incremento da produtividade e os avances da industria agroalimentaria puxeron fin ás crises de subsistencia, posibilitaron a gran explosión demográfica e tamén permitiron

alimentar a enormes exércitos ó longo da segunda metade do século XIX, pero sobre todo durante a I Guerra Mundial.

Polo tanto podemos afirmar que ó longo deste período a agricultura e a gandería sofren unha mutación radical, claramente apreciable en certos aspectos como: o dominio absoluto do concepto liberal de propiedade da terra sobre o feudal, o paso do arado á mecanización, a evolución do abonado con esterco á introdución dos abonos químicos, a superación da agricultura de subsistencia a favor da agricultura especulativa ou de mercado e o grande auxe da industria agroalimentaria

3.2.A Revolución industrial.

3.2.1 Características do proceso de industrialización.

O proceso de industrialización é un fenómeno de transcendencia equivalente ás transformacións do Neolítico (xorden as artes da agricultura, gandería, cálculo, escritura, troco, ...), que ten como causas ou factores o forte auxe demográfico, a renovación da agricultura, dispoñibilidade de novas fontes enerxéticas e materias primas, a transformación da rede de transportes, o progresivo prestixio da función empresarial, a escolarización progresiva, a innovación técnica e a acumulación de capitais invertibles.

Neste proceso de industrialización podemos apreciar certos rasgos, que poden axudarnos a definilo, entre os que cabe destacar:

- a) **O uso de novas fontes e formas de enerxía.** No proceso de industrialización pásase do emprego de fontes orgánicas (forza humana e animal) ou forza do vento e auga, para obter enerxía mecánica; madeira, para logra enerxía calorífica, a utilizar fontes de enerxía de **orixe mineral** (o carbón para obter enerxía mecánica e calorífica e despois o petróleo). Agora ben o uso das fontes de enerxía mineral non fixeron desaparecer o das fontes de enerxía orgánicas e a propia enerxía hidráulica mantivo a súa importancia na industria téxtil. **O carbón será a fonte de enerxía clave da primeira fases da revolución e o petróleo unirase ó carbón como fontes claves da segunda fase da Revolución industrial.**
- b) **O auxe de certas materias primas.** O proceso de industrialización provoca a substitución de materias primas orgánicas por outras de orixe inorgánico, como é o caso da substitución da madeira polo **ferro e o aceiro** (para a fabricación de máquinas e ferramentas ou para servir como materiais na construción). A gran excepción foi o emprego masivo do **algodón**, que resultou ser unha fibra vexetal de mellor adaptación ós procesos de fiado e tecido maquinizados co liño e acabou por superar a importancia da la e a seda.
- c) **A innovación técnica.** De finais do século XVIII a finais do XIX, desde a aplicación perfeccionada da **máquina de vapor** á invención do motor de explosión interna, os cambios técnicos foron continuos grazas ó espírito innovador dos empresarios que buscaban aumentar produtividade aplicando inventos ós seus procesos produtivos. Ó longo do proceso de industrialización resultaron tan importantes as macroinvencións dos grandes inventores como as microinvencións anónimas de artesáns e proletarios. As innovacións tecnolóxicas provocaron á vez auxe produtivo en múltiples sectores e a desaparición de moitos oficios artesanais.
- d) **Os cambios na inversión de capital.** O proceso de industrialización canaliza os excedentes de capital do auxe agrario e do comercio cara á industria, os transportes e o propio comercio. Co auxe do proceso de industrialización os empresarios e

prestatarios cederon o **control da inversión de capital** ós bancos e ós mercados de valores (bolsas, que ó longo do século XIX acabaron por converterse nas grandes protagonistas da inversión xa que os empresarios individuais deixaron de ser capaces de facer fronte ós enormes capitais necesarios para competir no mercado).

- e) As variacións no sistema produtivo. Coa industrialización aparece o **sistema fabril**. Que se complementa co *domestic system*, sen lograr desprazalo ata fins do século XIX ó impoñerse a fábrica como o sistema adecuado ás necesidades dos novos sectores industriais.
- f) As alteracións no mundo do traballo. Coa expansión do capitalismo industrial **xeneralizouse o traballo asalariado e consolidouse o proletariado** e coa progresiva mecanización os empresarios tenderon a contratar man de obra barata para actividades rutinarias e perigosas (mulleres e nenos) e reduciron a contratación de obreiros cualificados. Lograban así reducir custos e polo tanto maior competitividade no mercado. **O incremento progresivo dos beneficios dos empresarios contrastará coas infames condicións de explotación e miseria ás que se ven sometidos os traballadores contratados nas súas fábricas.**
- g) O aumento da demanda e dos mercados: Nos países industrializados increméntase a demanda de bens de e de bens de equipo. O auxe dos intercambios no mercado nacional e internacional viuse favorecido pola aparición de **novos medios de transporte** (como o ferrocarril), os **avances nos sistemas de comunicacións** (telégrafo, teléfono), a uniformización de pesos e medidas, a fluidez dos mercados de valores, a regulación dos sistemas monetarios e a adopción do patrón ouro.

Pero para entender a magnitude do proceso de industrialización debemos ademais reparar en que:

- Este proceso maniféstase como un fenómeno **pouco homoxéneo** no espazo e no tempo.
- Sen industrialización en Europa non tería lugar a **grande explosión demográfica (Réxime demográfico moderno)** no espazo europeo nin tampouco a enorme marea migratoria cara outros continentes de 60 millóns de europeos.
- O modelo de produción capitalista vai implicar tal modificación radical das relacións laborais, que acabará por estruturarse a sociedade como unha **sociedade de clases enfrontadas por unha oposición de intereses económicos: os burgueses e os proletarios**.
- A nova forma de producir vai definir no planeta unha **división internacional do traballo** entre os produtores de materias primas e os países que as elaboran na súa industria.

3.2.2 Sectores punteiros da primeira fase da revolución industrial:

A innovación técnica que serve de base a todo o proceso industrialización foi a máquina de vapor de Watt (mellorando o modelo de Newcomen) esta pasou a ser considerada polo goberno británico como tecnoloxía secreta e a sufrir unha fabricación acelerada para satisfacer a demanda de múltiples sectores produtivos. Entre os sectores punteiros desta industrialización destacaron:

1. O sector téxtil:

Na 2ª metade do século XVIII, en Gran Bretaña as materias primas tradicionais (liño, esparto, la, seda) empezan a ser desprazadas polo algodón.

O fenómeno do auxe do sector téxtil algodoeiro británico está en relación:

- Coa posibilidade de estender o cultivo nas terras virxes das colonias británicas (sur de Norteamérica, val do Nilo, península do Indostán) empregando man de obra escrava.
- Coa mellora dos medios de transporte e aparición doutros novos, que facilitan e abaratan o desprazamento de grandes cantidades de algodón a grandes distancias.
- Co feito de ser un sector novo que non se atopa regulado polas ríxidas normas gremiais que afectan a la e a seda.
- Coa especial natureza da fibra, que permite obter un fío máis resistente, máis homoxéneo e de boa calidade, que ademais admite unha fácil mecanización.

A mecanización nas distintas tarefas da industria do algodón permitiu abaratar os prezos, pero esta mecanización non foi homoxénea. Mentres no proceso do fiado, realizado por fiandeiras, as innovacións tecnolóxicas foron fáciles de introducir (A Water-frame en 1769, a Jenny en 1770 e a Mule en 1779, Selfactina de 1825). No proceso do tecido dos fíos, controlado por tecedores organizados en gremios, as innovacións foron máis escasas e de lenta introdución, xa que se ben aparece a lanzadeira voante de Kay en 1730, ata 1785 non se patenta o tear mecánico, que ademais non se introducirá masivamente na industria téxtil ata 1820-30.

As consecuencias directas deste auxe da industria téxtil do algodón foron que:

- Gran Bretaña logra fabricar grande cantidade de tecidos de algodón, de mellor calidade e máis baratos controlando o algodón das plantacións do sur de USA e prohibindo a produción téxtil artesanal de algodón na India.
- Inicialmente esta produción foi absorbida pola demanda interna británica, pero pronto inunda os mercados internacionais.
- A industria algodoeira, por necesidades do transporte, acabou por concéntrase na rexión de Lancashire e provocar o auxe de cidades como Liverpool e Manchester.
- O descenso dos custos de produción abarata os prezos, incrementou os beneficios dos empresarios, pero mantivo os salarios a niveis de miseria.
- A proletarización de artesáns e campesiños, ó irse impondo a mecanización e o reemprazamento do *Domestic system* polo sistema fabril, derivou en violencia co nacemento da protesta **Luddista** (1840)

2. A industria siderometalúrxica.

Na segunda metade do século XVIII este sector industrial atopábase bloqueado por diversos problemas produtivos entre os que cabe destacar:

- A carestía e escaseza da madeira empregada como combustible, para resolver o problema optan por substituír o carbón vexetal por carbón mineral (para fundir o ferro nos altos fornos) e escollen o **coque**. Esta substitución da madeira por coque reduciu a deforestación, deixou terreos ós cereais, pero vinculou a produción de ferro ós lugares de extracción do carbón.

- A mala calidade do ferro de fundición británico, que era duro e quebradizo o que provocaba que a maior parte dos produtos tivesen que ser elaborados nas fraguas con ferro forxado. O problema resolveuno **Cort** ó inventar o **método do pudelado** (requeutar os lingotes de ferro cru ata convertelos nunha masa pastosa que se resolve ata facer saír o xofre e o carbono) e o **método de laminado** (despois de pudelar facer láminas a base de pasar a masa a través dun sistema de rolos), que permitiron unha extraordinaria mellora do ferro obtido. As pequenas fraguas desaparecerán substituídas polos grandes fornos de pudelado.
- Os elevados custos de produción, foron reducidos coa aplicación da **máquina de vapor** para inxectar aire nos **altos fornos**.
- O auxe da produción de ferro permitiu a aparición de máquinas para fabricar cravos, láminas, pernos e sobre todo **abastecer a demanda do sector do ferrocarril**.

3. O sector do transporte.

As transformacións nos medios de transporte fixeron posible as **concentracións fabrís**, a **articulación dos mercados nacionais e internacionais**, o **expansionismo colonial** dos estados e a **expansión económica mundial no século XIX**. Posto que os canais fluviais, as estradas, os peiraos, o ferrocarril ou o barco de vapor permitiron a redución de tempo e custos nos transportes, favoreceron a relación de proximidade entre as zonas produtoras de materias primas e áreas industriais, potenciaron a articulación dun mercado mundial.

Antes de 1830 as innovacións claves foron a construción de canles (facilitaron o transporte de carbón e produtos pesados, abaratando os prezos e incrementando os intercambios comerciais) e a construción de estradas de peaxe (reduciron tempos e prezos no desprazamento de pasaxeiros, ademais de alentar a mellora das dilixencias).

A partir de 1830 o ferrocarril comezou a desprazar en importancia ó transporte por canles e estradas ata converterse no símbolo da industrialización (usa o carbón como combustible, aplica a máquina de vapor e emprega masivamente ferro).

A aparición do **ferrocarril** foi un fenómeno que tivo **múltiples efectos** de arrastre:

- Técnicamente: Aplicou á máquina de vapor e estimulou os avances técnicos na siderometalurxia
- Economicamente: Potenciou a demanda de ferro e de carbón; impúxose como medio de transporte barato, eficaz e rápido; articulou o mercado nacional e absorbeu grande cantidade de man de obra na súa construción.
- Financieiramente: Provocou a aparición da moderna empresa capitalista (S.A.), ó precisar aglomerar grandes cantidades de capital.
- Politicamente: Resultou clave no control militar dos ingleses sobre as súas colonias, na aparición do estado alemán, na expansión cara o Leste de Rusia.

O transporte marítimo a longas distancias mantívose dominado polos barcos de vela tradicionais, que foron adoptando melloras como a incorporación de maior número de velas e a substitución de cordas e madeira por cables e ensamblaxes metálicos, a competitividade dos barcos de vapor non foi efectiva ata principios do século XX, coa xeneralización do uso do aceiro, o abaratamento dos custos de produción e o incremento da capacidade de desprazamento.

4. A segunda fase da revolución industrial.

O grande auxe económico xerado polo proceso de industrialización e o mercado mundial sufriu un **profundo colapso no último tercio do século XIX** motivado por:

- A **grande depresión económica de 1873**, que provocou unha forte caída dos prezos dos produtos industriais e a perda de beneficios polos empresarios.
- A **crise agraria finisecular**, que arruinou ós campesiños e terratenentes europeos ó ser incapaces de competir cos baixos prezos dos produtos agrícolas e gandeiros que exportaban ós países novos.

A **reacción dos capitalistas** europeos foi abandonar as posturas comerciais librecambistas, esixindo ós gobernos políticas proteccionistas de elevados aranceis sobre as importacións para frear a competencia, **fomentar a expansión colonial** a busca de novos mercados para obter materias primas máis baratas e vender os bens producidos, exportar os seus capitais a países que ofrecían maiores tipos de interese.

A **grande explosión demográfica do século XIX** (moitos países europeos dobraron o número de habitantes) provocou inicialmente un forte éxodo rural dos campesiños cara ós núcleos industriais, pero, ante a crise na agricultura, os proletarios e campesiños (alentados polos propios capitalistas e polo baixo custo dos transportes) optan pola migración a novas terras noutros continentes á procura de mellores condicións de vida. Esta forte vaga migratoria arrastrará a 60 millóns de europeos cara as terras virxes e os novos núcleos industriais no norte e sur de América, no norte e sur de África, no sur de Asia e en Australia, posibilitando o auxe económico dos países novos (EEUU, Arxentina, Sudáfrica, Australia)

Esta fase, de depresión económica para a maioría dos países europeos, vai supor para certos países o **inicio do seu auxe como grandes potencias industriais** en forte competencia con Gran Bretaña, como é o caso de **Alemaña** unificada, dos **EEUU** expandíndose cara o oeste, dos **rusos** expandíndose cara a Siberia ou dos **xaponeses** empeñados na modernización ou revolución Meiji.

Agora ben, a **partir de 1895** terá lugar unha nova reactivación económica que podemos denominar como **segunda fase da Revolución Industrial**, que está caracterizada por certas transformacións básicas:

- a) A **incorporación de novas fontes e formas de enerxía**. O **petróleo** e a **electricidade** entraron a competir co carbón. O petróleo culminaba a substitución de fontes de enerxía de orixe orgánica polas de orixe mineral e os múltiples produtos obtidos no proceso de refinado (queroseno, gasolina, gasóleo,...) pasaron a ser claves para a iluminación urbana, a calefacción doméstica, como combustibles nos motores de combustión interna. A electricidade, xa coñecida desde finais do século XVIII, logrou ser unha enerxía rendible ó poder xerarse coa turbina hidráulica e a turbina de vapor, permitindo acceder a industrialización ós países carentes de carbón e instalar industrias situadas lonxe das minas de carbón.
- b) A **demandas de novas materias primas**. Os novos sectores industriais fomentaron coa súa demanda o uso do **aceiro** (agora moito máis barato coa introdución do **convertedor Bessemer**), do **níquel** (descubriendo novos depósitos), do **aluminio** (agora moitísimo máis barato coa aplicación da **cuba electrolítica** para separalo da bauxita), do **caucho** (realízanse grandes plantacións de hevea e invéntase a vulcanización para dotalo de maior dureza, elasticidade e resistencia).

- c) **O xurdimento de novos sectores industriais.** Entre os destacados están a **siderurxia do aceiro**, que permitiu fabricar raís de ferrocarril máis duradeiros, construír barcos máis grandes e lixeiros, elaborar vigas máis resistentes, fabricar ferramentas, motores e bens de consumo de máis calidade. As novas metalurxias do níquel (aleándoo obtense aceiro inoxidable) e do aluminio (clave no auxe das industrias eléctrica, automobilística e aeronáutica). A **industria química**, que alcanzou grande importancia coa obtención de ácido sulfúrico (básico para fabricar explosivos, fertilizantes e colorantes), a produción de sosa (xabóns) e de múltiples compostos químicos (tintas, plásticos...), especial importancia alcanzaron a petroquímica e a industria farmacéutica. A industria eléctrica, que fixo da electricidade a forma de enerxía clave para usar os medios de comunicación (telégrafo, teléfono, cine) usar os novos medios de transporte (metro, tranvía), iluminar as rúas, crear o forno eléctrico (para fundir os novos metais). A **industria do automóbil**, que foi posible pola invención do motor de combustión interna, a elaboración dos pneumáticos e o uso da gasolina e estendeuse coa motorización dos exércitos na I Guerra Mundial e a *implantación das cadeas de montaxe e a standarización das pezas*.
- d) A concentración empresarial. Que busca agrupar S.A. para intentar facer fronte ás grandes inversións, reducir custos na produción e resistir mellor os efectos das crises cíclicas do capitalismo. Os modelos de concentración podemos agrupalos en dous tipos:
- A **concentración técnica**, que pode ser “**horizontal**” (únense empresas que actúan nunha mesma fase de produción, buscando dominar para regularizar o volume de produción e os prezos dun mesmo produto e dominar o mercado) ou “**vertical**” (únense empresas que actúan en actividades complementarias da elaboración dun produto, buscando eliminar os gastos intermedios e controlar de xeito centralizado todas as fases do proceso de produción).
 - A **concentración financeira**, que pode darse por “fusión” en forma de **Trust** (un grupo financeiro impón unha unión permanente de distintas empresas baixo unha mesma dirección, as empresas poden ser da mesma fase de produción ou de fases complementarias, os creadores dun trusts buscan unha posición de monopolio) ou de **Holding** (unha entidade financeira compra accións de diversas empresas moi diverxentes ata obter a maioría suficiente para nomear os xestores, os creadores dun *holding* buscan diversificar inversións e reducir riscos) e pode efectuarse por acordo en forma de **Cártel** (un grupo de empresas pactan un acordo de fixación de prezos, reparto rexional da clientela, venda conxunta para asegurarse o mercado e reducir os riscos da competencia).
- e) Os novos modelos de innovación, xestión, organización do traballo e da produción. En canto a innovación tecnolóxica os propios empresarios constrúen nas fábricas laboratorios e contratan a técnicos para que experimenten, acelerando así o proceso de descubrimento científico e aplicación técnica.

No referente á xestión, os empresarios abandonan esta tarefa en mans de expertos executivos que contratan para dirixir as súas empresas.

Na organización do traballo e da produción foi clave a difusión da **taylorización** ou organización científica do traballo (que implicaba a análise das ferramentas óptimas, a redución dos tempos e a realización dos movementos xustos por cada traballador para conseguir incrementar a produtividade do traballo), a implantación da **cadea de montaxe** (que obrigaba ós traballadores a permanecer fixos nun lugar realizando

unha soa tarefa específica, mentres o produto se movía) e a **standardización** (que supoñía a elaboración de múltiples pezas idénticas que posteriormente se ensamblaban para lograr produtos en serie e facilitar ademais as reparacións).

Esta segunda fase da industrialización xerou fortes tensións e conflitos, que acabaron por derivar, en 1914, na I Guerra Mundial a catástrofe da guerra porá fin á nova fase de auxe económico (a miseria da posguerra e a falsa prosperidade americana dos anos vinte desembocará na grande crise mundial de 1929) e porá en cuestión o sistema capitalista e o sistema parlamentar liberal (Revolución bolchevique en Rusia, fascismo en Italia e nazismo en Alemaña).

5.A organización ideolóxica e política do proletariado. O socialismo.

É unha corrente de pensamento político-económico que xorde, paralelamente ao triunfo das ideas liberais, na década de 1830-1840, como unha denuncia das contradicións e desaxustes do sistema de produción capitalista e do sistema liberal parlamentar. Na evolución do pensamento socialista van delimitándose varias tendencias:

5..1. O protosocialismo ou socialismo utópico.

É unha postura ideolóxica prorreformista caracterizada pola denuncia da inxustiza e da crueldade ás que se ven sometidos os traballadores no contexto da industrialización, a negación da existencia dunha confrontación de intereses entre burgueses e proletarios e a apelación aos empresarios, para o cambio do egoísmo do animo de lucro pola solidariedade, e ao Estado, para que preste mais atención a paliar a miseria dos proletarios que a protexer a propiedade privada. No protosocialismo apreciamos variantes rexionais:

Gran Bretaña: destaca **R.Owen**: empresario filantrópico (máis un ilustrado que un socialista) que, na súa factoría de **New Lanark**, restrinxiu o traballo infantil; fomento a educación, a vivenda e a hixiene; reduciu os horarios e incremento os salarios. Alcanzando resultados espectaculares. Nun primeiro momento opto por reclamar a intervención do Estado na modificación legal das condicións de traballo dos británicos e acabou por propoñer a reorganización da sociedade en base a cooperativas voluntarias de produtores, de carácter agrícola, con exclusión da propiedade privada. Owen consideraba como un mal absoluto o principio clásico de que a procura do interese de cada individuo era a fonte de toda clase de riqueza e inútil esperar do goberno e da presión política solucións reformadoras da sociedade. Pero certos owennistas disidentes e os grupos socialistas ingleses descartaron a vía cooperativista (fracaso de **New Harmony**, en Indiana) e apostaron pola vía da presión política, alcanzando gran protagonismo no movemento **Cartista** (consideraron que os dereitos políticos e a democracia eran o camiño mais curto ao socialismo).

Francia: Destaca **Saint-Simón**, filósofo defensor da ciencia e da industrialización, que, mostrando un profundo rexeitamento pola anarquía do capitalismo e os ociosos, propón un proceso produtivo ordenado. Propón un **goberno de técnicos (tecnocracia)**, capaces de abordar a organización da economía e instaurar a concordia e a harmonía universais.

Fourier: suscitará unha reorganización da sociedade desde unha perspectiva inversa á

de Saint-Simón; pois, como Owen, rexeita o protagonismo reformador do Estado. Propón un modelo de asociación voluntaria autosuficiente, de base agrícola, sen especialización do traballo ou falansterio.

5.2. O anarquismo.

Os anarquistas son unha evolución do liberalismo radical e do protosocialismo e caracterízanse por unha defensa absoluta da liberdade individual, negando a necesidade de toda autoridade ou xerarquía, e por apostar pola cooperación e polo mutualismo. Na súa evolución apreciamos distintas tendencias:

Anarquismo individualista: ten a súa xénese, antes de ½ do XIX, no pensamento do francés **Proudhon**, que criticaba o abuso do dereito de propiedade capitalista (a obtención de beneficios a costa de explotar aos traballadores), desconfiaba da democracia parlamentaria e do propio Estado. Proudhon pasa as propostas reformistas de Saint-Simón e de Fourier, ao propoñer unha sociedade anárquica e igualitaria, con base na liberdade e a solidariedade (democracia mutualista e federalista).

Anarcocomunismo ou anarquismo socialista: ten a súa base na doutrina do ruso **Bakunin**, defensor radical da liberdade, do igualitarismo e do protagonismo revolucionario do campesiñado, que considera que a estratexia é unha revolución espontánea, capaz de destruír o Estado e abolir a propiedade privada (crear sindicatos, non partidos políticos para dirixir a loita parlamentaria ou para organizar tómaa do Estado). Propoñía un modelo de sociedade colectivista ou **Comuna**, con base na autoxestión e a democracia directa, e era partidario da distribución de bens en proporción ao traballo realizado.

Comunismo libertario: ten a súa base na doutrina do ruso **Kropotkin**, que discrepaba dos colectivistas (Proudhon, Bakunin) ao defender a socialización dos medios de produción e do traballo, na **Comuna**, a distribución de bens segundo as necesidades de cada un e a estratexia sindical ou terrorista. Os colectivistas e os libertarios chocarán polas diferenzas no concepto de distribución de bens e a estratexia terrorista.

5.3. O socialismo científico ou marxismo.

Os pensadores do socialismo científico propoñen a denuncia do sistema capitalista e afirman que existe un enfrontamento de clase entre burgueses e proletarios, apostan por un inevitable triunfo dos proletarios sobre os burgueses e deseñan programas e estratexias para acelerar o proceso de desaparición da burguesía e do sistema capitalista. Destacan **Karl Marx** e **F. Engels**, nas súas teses:

- Cuestionan o concepto hegeliano de Estado: negan que sexa a esfera universal que Hegel pretende que sexa e afirman que a esencia do Estado está na confrontación entre propietarios e asalariados considerándoo un instrumento da minoría propietaria, cuxa función principal sería defender a orde de explotación capitalista.
- Rexeitan o concepto de revolución espontánea, o protagonismo revolucionario dos campesiños e a necesidade inmediata de destruír o Estado dos anarquistas.

- Consideran ao proletariado como un suxeito histórico produto do capitalismo e axente revolucionario, que nega ao propio capitalismo posto que se ten que enfrontar á burguesía para acabar coa súa explotación e coa propiedade privada, socializando os medios de produción.
- Defenden que a emancipación da clase obreira, só pode ser obra de si mesma, xa que logo que é necesaria a súa formación como clase e a súa constitución como forza política para conquistar o poder e levar a cabo a súa liberación.

No **aspecto económico**, será Marx, especialmente en *O Capital* (1867), quen realice unha profunda análise do sistema capitalista e do pensamento económico liberal, no que litroduce e sostén que:

- Conceptos craves como o **traballo alienado**, a **plusvalía absoluta/relativa**, o salario como valor da forza de traballo e modo e medio de produción.
- Que a propiedade privada e o sistema de produción capitalista crean á vez inxustiza, miseria e unha profunda **alienación** humana.
- Que existe unha loita de clases entre burgueses e proletarios, porque ambos grupos teñen intereses contrapostos (os burgueses pretenden acaparar maiores plusvalías do traballo dos obreiros e os obreiros teñen como obxectivo lograr cobrar maiores salarios a costa de reducir a plusvalía que perden).
- Que cada vez os burgueses serán menos e os proletarios máis e máis empobrecidos: os burgueses tenden a eliminar competidores para obter maiores beneficios e todo artesán, campesiño ou pequeno burgués tende a proletarizarse e a empeorar cada vez máis as súas condicións de vida e de salario, posto que canto máis obreiros dispoñibles menos salario van cobrar.
- Que a toma do poder polos proletarios é algo irreversible, que só depende da lentitude con que os traballadores vaian tomando conciencia de pertencer a unha mesma clase.

O **programa ou proposta emancipadora** do socialismo científico xa quedou exposto por Marx e Engels en *O Manifesto comunista* de 1848. Pois, tras suscitar unha nova visión da historia (o **materialismo histórico**) como sucesivas loitas de clase (entre opresores e oprimidos), caracterizadas pola natureza das relacións de produción existentes, que provocaban a sucesión dos modos de produción (esclavismo, feudalismo, capitalismo) e concluír que, posto que os novos opresores eran os burgueses, os novos oprimidos os proletarios e o capitalismo unha fase máis da evolución humana:

O proletariado debía provocar unha revolución e facerse co control das institucións do Estado e impoñer unha ditadura do proletariado, que tería a misión de establecer o novo modo de produción socialista (abolición da propiedade privada dos medios de produción, que pasarían a estar controlados polo Estado, e distribución dos bens segundo a capacidade de traballo de cada un) e preparar as condicións para a desaparición das clases sociais e a autodisolución do Estado dando paso á sociedade comunista ou igualitaria (sen clases, sen Estado e a cada quen segundo as súas necesidades)

5.3.1 O internacionalismo.

Ao longo da segunda metade do XIX os socialistas científicos alentaron a fusión, de intelectuais socialistas, líderes de sindicatos e obreiros con conciencia de clase, no I e II

A.I.T.: no **I A.I.T. (1864)** tiveron un grave enfrontamento ideolóxico cos anarcosocialistas de Bakunin e Marx, posto que vos dous dirixentes defendían teses moi opostas:

- Bakunin consideraba que a Revolución tiña como primeiro obxectivo destruír ou Estado, mentres Marx defendía que a Revolución tinga que servir ós obreiros para tomar ou Estado burgués e implantar unha ditadura do proletariado e que a destrución do Estado só tería lugar na última fase da Revolución.
- Bakunin rexeitaba organizar ós obreiros en partidos políticos, mentres Marx consideraba clave a organización en partidos políticos que tingan a función de facer de vangarda das loitas dúas obreiros e a tarefa de dirixir a Revolución.
- Bakunin sostiña que vos verdadeiros protagonistas da Revolución debían de ser vos campesiños, sen embargo Marx pensaba que a clase protagonista da Revolución tinga que ser ou proletariado.

Na **II A.I.T. (1880)** destaca unha crispación interna por tomaa de posturas ante as teses do **socialismo revisionistas**. O revisionismo xorde en torno ás teses de **Bernstein**, a finais do XIX, nas que propón unha relectura crítica de certas afirmacións de Marx. Bernstein (SPD) discrepa de Marx en que:

- O empobrecemento dos proletarios sexa sempre crecente (consideraba que o nivel de vida dos proletarios alemáns estaba mellorando).
- A revolución proletaria tivese que producirse de modo inevitable (sostiña que podería non producirse e xa que logo tíñase que apostar pola actividade política dentro dos parlamentos burgueses).
- Fose máis importante acelerar as contradicións do sistema capitalista, que mellorar as condicións de vida e traballo dos obreiros (defendía que mentres se esperaba pola revolución, os obreiros debían votar aos seus representantes nos parlamentos burgueses e os partidos socialistas pactar cos partidos burgueses, para forzar a aprobación de reformas que mellorasen o seu nivel de vida).

Estas teses revisionistas provocaron unha progresiva fractura no socialismo marxista posto que se consolidaron tres tendencias: Un sector minoritario favorable a descartar a loita revolucionaria para centrarse na vía reformista, outro sector minoritario que só admitía a vía revolucionaria ou comunistas puros (Rosa Luxemburgo, Lenin) e un sector maioritario que daba preferencia aos obxectivos reformistas sen descartar o programa revolucionario (partidos socialistas).

A clave da desaparición da II Internacional non está tanto nestas disputas como nas distintas posturas das organizacións obreiras ante: ou colonialismo dous estados europeos sobre África e Asia, a tendencia dous Estados a militarizarse, a actitude que debían tomar vos obreiros ante unha posible guerra. Ou inicio da I Guerra Mundial en 1914 vai supor ou fracaso total do movemento internacionalista posto que vos obreiros alemáns, franceses, etc, antepoñen os sentimentos patrióticos (nacionalistas) ós intereses de clase e alístanse nos seus exércitos e masácranse a tiros durante 1914-18. En 1917 ou triunfo da Revolución Rusa abrirá ou camiño do que será ou proxecto da III Internacional que nacerá baixo ou control do partido bolxevique ruso e coa clara intención de protexer ou novo Estado Soviético de URSS.